

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*ORDE do 7 de decembro de 2018 pola que se autoriza a Fundación Galicia Europa para conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para realizar prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea.*

A disposición derradeira sétima, número 2, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dá nova redacción ao número 1 da disposición adicional décimo sexta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que pasa a dispoñer que as fundacións do sector público unicamente poderán conceder subvencións cando así se lle autorice á correspondente fundación de forma expresa mediante acordo do ministerio de adscrición ou órgano equivalente da Administración ao cal a fundación estea adscrita.

Esta modificación normativa, que segundo a disposición derradeira primeira ten o carácter de lexislación básica, entrou en vigor o 3 de outubro de 2015, de conformidade coa disposición derradeira décimo oitava.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, polo que, a partir desa data, o outorgamento de subvencións pola Fundación Galicia Europa (FGE) require a autorización expresa da consellería de adscrición, neste caso, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Así mesmo, conforme establece a mesma disposición adicional décimo sexta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na redacción dada pola disposición derradeira sétima da citada Lei 40/2015, a aprobación das bases reguladoras será exercida polos órganos da Administración que financien en maior proporción a subvención correspondente.

Segundo a disposición adicional primeira do Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, a Fundación Galicia Europa é unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico galego que depende orgánica e funcionalmente do centro directivo en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior.

Segundo o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a



Vicepresidencia a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ten, entre outras funcións, a de proxección exterior de Galicia e a execución da actividade exterior da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias sectoriais doutros órganos ou unidades, así como a coordinación e seguimento da xestión da Fundación Galicia Europa.

Atendendo a estas consideracións xerais, e en virtude das competencias que me foron atribuídas,

DISPOÑO:

Primeiro. *Autorización*

Autorizar a Fundación Galicia Europa para poder conceder subvencións de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea.

Segundo. *Bases reguladoras*

Aprobar as bases reguladoras, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerán as concesións, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea.

Disposición adicional. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase o director da Fundación Galicia Europa para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento e cumprimento destas bases.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

Alfonso Rueda Valenzuela  
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



**ANEXO I****Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas de formación, para persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea nas oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela e en Bruxelas (código de procedemento PR770N)****Artigo 1. *Introdución***

Segundo o establecido na disposición adicional primeira do Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, a Fundación Galicia Europa (en diante, FGE) ten o mandato da Xunta de Galicia para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea (UE) seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado. A FGE prestará apoio aos distintos departamentos e entidades da Xunta de Galicia, así como ás restantes administracións públicas, organismos e corporacións galegas, no exercicio da súa participación nos asuntos da Unión e colaborará na preparación de viaxes e visitas institucionais das autoridades de Galicia ás institucións e órganos da Unión, así como das autoridades das citadas institucións e órganos a Galicia.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ten, entre outras funcións, a proxección exterior de Galicia e a execución da actividade exterior da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias sectoriais doutros órganos ou unidades, así como a coordinación e seguimento da xestión da FGE segundo o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A FGE constitúese ao abeiro do artigo 34.1 da Constitución española e réxese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, sobre o réxime das fundacións de interese galego, e pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia. Esta fundación, creada en 1988, é unha institución sen ánimo de lucro que ten por finalidade promover o achegamento entre Galicia e Europa.

O traballo da FGE materialízase en catro grandes ámbitos de acción que responden aos obxectivos de defender os intereses de Galicia perante a Unión Europea, informar sobre a UE en Galicia, promover a participación galega en proxectos europeos e formar e sensibilizar sobre Europa en Galicia. Conforme este último obxectivo, a FGE ten afianzado un programa anual de bolsas para a realización de prácticas nas súas oficinas que permite



ás persoas beneficiarias familiarizarse cos asuntos comunitarios desde unha perspectiva galega e, en última instancia, facilitar o seu acceso ao mercado laboral.

En relación coa presentación das solicitudes, debido á capacidade técnica das persoas físicas beneficiarias desta bolsa, que deben ter un título universitario ou ben un título de técnico superior en formación profesional, considérase que teñen acceso e dispoñibilidade suficiente aos medios electrónicos necesarios para realizar todos os trámites electronicamente neste procedemento de acordo co artigo 31 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

## Artigo 2. *Obxecto*

Estas bases regulan as condicións polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas de formación, para persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea nas oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela e en Bruxelas (código de procedemento PR770N).

## Artigo 3. *Duración, modalidades e lugar de realización das bolsas*

1. O programa formativo das bolsas terá unha duración máxima de doce (12) meses.

A convocatoria anual da FGE determinará a duración exacta das bolsas.

2. Modalidades e lugar de realización das bolsas.

a) Bolsas destinadas a persoas cun título universitario para a súa formación en asuntos comunitarios desde unha perspectiva galega.

b) Bolsas destinadas a persoas cun título universitario para a súa formación en comunicación das políticas comunitarias, das actividades da FGE e da participación galega en asuntos europeos.

Do total de bolsas das modalidades anteriores, polo menos o 50 % estarán destinadas na oficina da FGE en Bruxelas e o resto na oficina da FGE en Santiago de Compostela.

As persoas candidatas expresarán na solicitude da convocatoria a súa preferencia polo lugar de desenvolvemento das bolsas. Esta preferencia terase en conta, sen prexuízo da potestade da FGE de valorar a idoneidade das persoas beneficiarias para calquera dos destinos, en función dos coñecementos lingüísticos e da formación académica.



c) Bolsas destinadas a persoas cun título de técnico superior de formación profesional para a realización de prácticas de secretariado e apoio administrativo, con destino na oficina da FGE en Bruxelas.

3. As persoas candidatas só poderán presentarse a unha destas modalidades de bolsa.

4. En caso de vacantes nunha modalidade asignaranse a outra comenzando polas bolsas do punto 2.a) en orde decrecente.

#### Artigo 4. *Número, contía e financiamento das bolsas*

1. O número de bolsas en cada modalidade e os seus importes determinaranse con base no importe anual reflectido no orzamento de gastos da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea como transferencia de financiamento á FGE para o programa de bolsas.

As convocatorias anuais da FGE quedarán condicionadas á existencia desta transferencia de financiamento e indicarán o número de bolsas para cada unha das categorías, así como o seu importe total.

O importe total de cada bolsa incluírá as retribucións brutas e os custos da seguridade social, así como unha axuda de desprazamento para as bolsas en Bruxelas que terá a consideración de pagamento anticipado de acordo co artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Este anticipo non exige a constitución de garantías.

2. O financiamento das bolsas pola FGE estableceranse nas correspondentes convocatorias anuais da FGE.

3. As bolsas aboaranse mensualmente pola parte proporcional da retribución bruta que corresponda tras descontar as retencións do IRPF e a cota obreira da seguridade social, sempre que non haxa algunha incidencia no seu desenvolvemento.

#### Artigo 5. *Requisitos das persoas beneficiarias para obter a bolsa*

Poderán optar á obtención das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos, que deberán posuír no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes:

1. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea.



2. Ser natural de Galicia, ser fillo/filla de galegos ou acreditar, mediante empadroamento, residencia en Galicia polo menos desde os dous anos anteriores á publicación da convocatoria.

3. Posuír o título académico necesario ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición. Os estudos conducentes a obtención do título deberán terse rematado dentro dos seis anos anteriores ao da publicación da convocatoria.

a) Para as bolsas do artigo 3.2.a) de formación en asuntos comunitarios desde unha perspectiva galega é necesario posuír un título universitario de grao, licenciado/a, enxeñeiro/a ou equivalente.

b) Para as bolsas do artigo 3.2.b) de formación en comunicación das políticas comunitarias, das actividades da FGE e da participación galega en asuntos europeos, é necesario posuír un grao ou licenciatura en Xornalismo, Comunicación Audiovisual ou Publicidade e Relacións Públicas.

c) Para as bolsas do artigo 3.2.c) para a realización de prácticas de secretariado e apoio administrativo é necesario posuír un título de técnico superior de formación profesional na familia profesional de Administración e Xestión (Administración e Finanzas, Asistencia a Dirección ou Secretariado).

4. Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do obxecto desta bolsa.

5. Non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria sinaladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

6. Non ter gozado anteriormente doutra bolsa da FGE en convocatorias anteriores, excepto que na convocatoria do ano inmediatamente anterior fose chamado da lista de suplentes e gozase da bolsa por un período de tempo non superior a 3 meses.

#### Artigo 6. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>



2. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

3. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

*Artigo 7. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas solicitantes deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte no caso de nacionais da Unión Europea residentes fóra de España e que non posúan NIE.

b) Copia do libro de familia ou documento equivalente para aqueles solicitantes que pretendan acreditar a filiación de proxenitores galegos.

c) Xustificación do pagamento dos dereitos de expedición da titulación correspondente (no caso de non estar en posesión do título universitario ou de formación profesional).

d) Copia da homologación ou validación do título pola Administración educativa española no caso de presentar un título académico estranxeiro.

e) Currículo: preferentemente en formato Europass.

f) Anexo III xunto coa copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados relacionados no dito anexo (véxase o artigo 12, Criterios de adxudicación).

– O expediente académico acreditarase mediante copia da certificación académica dos estudos realizados, en que consten as materias cursadas, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional para estudos universitarios, ou normativa que o modifique; ou segundo o sistema establecido na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanza de formación profesional inicial ou normativa que os modifique.





– Os cursos relacionados co obxecto da bolsa acreditaranse mediante o correspondente título ou certificados de participación nas actividades formativas. Non se terán en conta os cursos que non acrediten as horas de duración ou os inferiores a 20 horas lectivas nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

– O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o Celga 4, Celga 3 ou titulación equivalente, só no caso de non estar expedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística ou o órgano competente que corresponda.

– O coñecemento de idiomas estranxeiros acreditarase mediante os documentos a que fai referencia a Orde do 21 de xuño de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 128, do 7 de xullo).

– Sen prexuízo dos puntos anteriores, podera requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos e aclaracións resulten procedentes para a tramitación do procedemento.

Non se valorarán os cursos e idiomas que formen parte do plan de estudos dunha titulación académica.

Os méritos que non estean acreditados non se computarán e non procederá o requirimento a que se refire o artigo 14.3. Así mesmo, non se terán en conta aqueles méritos obtidos con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

2. Os documentos presentados en lingua distinta ao español, galego, inglés, francés ou portugués deberán acompañarse dunha tradución xurada.

3. Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.





Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

#### Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes e da documentación complementaria será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

#### Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Consulta de títulos oficiais universitarios.
- d) Consulta de títulos oficiais non universitarios.
- e) Datos de residencia con data de última variación padroal.
- f) Celga 4, Celga 3 ou titulación equivalente, se están expedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística ou o órgano competente que corresponda.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilita a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

*Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

*Artigo 11. Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran coa súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



**Artigo 12. Criterios de adxudicación**

A Comisión avaliará as solicitudes admitidas en dúas fases, de modo simultáneo para as distintas modalidades de bolsas, de acordo cos seguintes criterios:

**I. Persoas con título universitario.**

As fases son comúns para os candidatos ás bolsas de formación en seguimento de asuntos relacionados coas institucións comunitarias e coas súas políticas (artigo 3.2.a) e á bolsa de formación en comunicación (artigo 3.2.b).

**1. Primeira fase: valoración de méritos. Máximo 40 puntos.**

Formación	Puntuación	Puntuación máxima no apartado
Expediente académico	Nota media do expediente, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003 (de 0 a 10) ou normativa que o modifique: ata 10 puntos.	10
Estudos preferentes	Por estar en posesión dalgunha/s da/s seguinte/s titulación/s: grao ou licenciatura en Dereito, Dirección e Xestión Pública, Ciencias Políticas e da Administración, Relacións Internacionais e Economía. – Primeiro grao ou licenciatura: 5 puntos. – Segundo grao ou licenciatura: 2 puntos.	7
Mestrado	Mestrado universitario en asuntos europeos ou relacións internacionais: 6 puntos.	6
Cursos relacionados cos ámbitos obxecto das bolsas	– Cursos de duración igual ou superior a 20 horas e ata 74 horas: 0,50 puntos por curso. – Cursos de duración igual ou superior a 75 horas: 1 punto por curso. – Cursos de duración igual ou superior a 120 horas: 2 puntos por curso.	5
Lingua galega	Celga 4 ou titulación equivalente ou superior: 2 puntos.	2
Linguas inglesa e francesa	– Nivel B2: 3 puntos. – Nivel C1: 4 puntos. – Nivel C2: 5 puntos. As puntuacións por niveis dunha mesma lingua non son acumulativas. Aplicaranse 5 puntos neste apartado aos graos ou licenciaturas en Filoloxía ou Tradución e interpretación das linguas referidas.	10

Pasarán á seguinte fase, entrevista persoal, os 9 primeiros clasificados na modalidade de asuntos e políticas europeas e os 6 primeiros clasificados na modalidade de comunicación das políticas comunitarias, por orde decrecente de puntuación. En caso de empate



nas posicións novena e sexta respectivamente, pasarán todas as persoas aspirantes que teñan esa mesma puntuación.

2. Segunda fase: entrevista persoal. Máximo 10 puntos.

As persoas candidatas seleccionadas serán convocadas a unha entrevista en que se valorará o coñecemento xeral e de actualidade sobre asuntos europeos da persoa aspirante e a súa capacidade de adaptación e de traballo en equipo, especialmente nunha contorna multicultural e multilingüe, podendo a comisión de valoración efectuar preguntas en lingua inglesa e/ou francesa.

II. Persoas cun título de técnico superior de formación profesional.

1. Primeira fase: valoración de méritos. Máximo 40 puntos.

Formación	Puntuación	Puntuación máxima no apartado
Expediente académico	Nota media do expediente, calculada segundo o sistema establecido na Orde de 12 de xullo de 2011 ou normativa que o modifique: ata 10 puntos.	10
Titulación	Título de técnico superior en Márketing e Publicidade, Comercio Internacional, na familia profesional de Informática e Comunicacions, ou equivalente: 5 puntos por titulación.	10
Cursos relacionados con asuntos europeos	– Cursos de duración igual ou superior a 20 horas e ata 74 horas: 0,50 puntos por curso. – Cursos de duración igual ou superior a 75 horas: 1 punto por curso.	5
Cursos de ofimática e cursos relacionados co ámbito obxecto da bolsa	– Cursos de duración igual ou superior a 20 horas e ata 74 horas: 0,50 puntos por curso. – Cursos de duración igual ou superior a 75 horas: 1 punto por curso.	5
Lingua galega	– Celga 3 ou titulación equivalente: 1 punto. – Celga 4 ou titulación equivalente: 2 puntos.	2
Linguas inglesa e francesa	– Nivel B1: 3 puntos. – Nivel B2 ou superior: 4 puntos. As puntuacións por niveis dunha mesma lingua non son acumulativas.	8

Pasarán á segunda fase, entrevista persoal, os primeiros 4 clasificados por orde decendente de puntuación. En caso de empate na cuarta posición, pasarán todas as persoas candidatas que teñan esa mesma puntuación.



2. Segunda fase: entrevista persoal. Máximo 10 puntos.

As persoas candidatas seleccionadas serán convocados a unha entrevista en que se valorará o coñecemento xeral sobre a organización dunha oficina e a capacidade de adaptación e de traballo en equipo, especialmente nunha contorna multicultural e multilingüe. A comisión de valoración poderá efectuar preguntas en lingua inglesa e/ou francesa.

Artigo 13. *Comisión de valoración*

1. Dentro dos quince días naturais seguintes ao da publicación da correspondente convocatoria das bolsas, o director da FGE designará unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no artigo anterior, así como de elevar ao órgano instructor a proposta de concesión ou denegación das bolsas.

O seu funcionamento rexeráse polo disposto na sección 3ª, do capítulo I, do título I, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou normativa que a modifique.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidencia: a directora da oficina da FGE en Bruxelas ou persoa en quen delegue.

Secretaría: a persoa titular da Subdirección Xeral de Relación coa Unión Europea da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou a persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de tres vogais que serán designados entre o persoal da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e FGE.

A composición da comisión de valoración farase pública na páxina web da FGE, <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>

3. A comisión poderá estar asesorada polo persoal técnico que considere necesario, o cal asistirá ás sesións con voz pero sen voto.

Artigo 14. *Instrución do procedemento e tramitación*

1. A competencia para resolver as solicitudes de concesión corresponderalle ao director da Fundación Galicia Europa.



2. O órgano instrutor do procedemento será a Subdirección Xeral de Relacións coa Unión Europea que realizará cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Subdirección Xeral de Relacións coa Unión Europea aprobará a listaxe provisional das persoas candidatas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, que será publicada na páxina web da FGE.

As persoas candidatas excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación das solicitudes de emenda entenderase implícita na listaxe definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, que será publicada na páxina web da FGE e remitida á comisión para que valore as solicitudes das persoas candidatas admitidas.

4. A comisión de valoración avaliara inicialmente os méritos acreditados documentalmente (primeira fase) das persoas candidatas admitidas e, tras a avaliación, publicarase na páxina web da FGE a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas candidatas ordenadas de maior a menor.

Contra estas puntuacións poderán presentarse reclamacións no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio. Non se terá en conta neste prazo de reclamacións a achega de novos méritos que non fosen acreditados documentalmente no prazo de presentación das solicitudes.

Logo de resolverse as reclamacións, publicarase na páxina web da FGE a listaxe definitiva coa puntuación obtida na primeira fase por cada unha das persoas candidatas. A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na puntuación obtida na listaxe definitiva.

5. Con base na listaxe anterior, a comisión de valoración convocará, mediante anuncio na páxina web da FGE, as persoas candidatas para a realización das entrevistas persoais (segunda fase) indicando a data, a hora e o lugar da súa realización. A concorrencia é obrigatoria polo que as persoas que non se presenten serán excluídas do procedemento



de selección. As persoas candidatas deben acreditar a súa identidade para a realización da entrevista.

6. Tras a valoración dos méritos (primeira fase) e da entrevista persoal (segunda fase), a comisión de valoración formulará un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada e a puntuación total obtida por cada unha das persoas candidatas, que será remitida ao órgano instrutor.

Para o caso de empate na puntuación total obtida, este resolverase aplicando por orde os seguintes criterios:

- a) A maior puntuación na primeira fase.
- b) A maior puntuación na segunda fase.
- c) A maior antigüidade na data de obtención do título.
- d) A maior idade da persoa solicitante.

7. O órgano instrutor elevaralle o informe xunto coa proposta de adxudicación e a listaxe de suplentes ao órgano competente para resolver.

8. A resolución definitiva publicarase na páxina web da FGE, <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>, e notificaráselle/s á/ás persoa/s adxudicataria/s que, nun prazo de tres días hábiles, estará/n obrigada/s a comunicarlle á Fundación Galicia Europa a súa aceptación ou renuncia por escrito. Se transcorridos o prazo non se producise manifestación expresa, esta entenderase tacitamente aceptada. Se a persoa beneficiaria renuncia expresamente á bolsa, esta concederase á seguinte persoa con mellor puntuación da lista de suplentes.

9. No caso de que en ningunha das modalidades se presenten solicitudes ou ningunha das persoas beneficiarias acepte a bolsa, a convocatoria será declarada deserta.

10. O prazo máximo para a tramitación e resolución da concesión das bolsas será de catro meses, desde a data de publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.





**Artigo 15. Recursos**

A resolución do director da FGE non pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 26.2.c) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que xulgue pertinente. Transcorrido este prazo sen terse presentado o dito recurso, esta resolución adquirirá firmeza na vía administrativa.

**Artigo 16. Obrigas das persoas beneficiarias**

Ademais das obrigas previstas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas seleccionadas quedan obrigadas pola aceptación da bolsa a:

1. Aceptar en todos os seus termos esta resolución. A comprobación de datos non axustada á realidade, tanto na solicitude como na documentación achegada, poderá supoñer a denegación ou revogación da axuda.

2. Comezar o goce da bolsa dentro do prazo que se sinala en cada caso e desenvolver o seu labor sen que ningún outro compromiso anterior ou futuro o impida ou dificulte.

3. Manter un comportamento que en ningún caso implique un prexuízo para os intereses da Xunta de Galicia nin para a imaxe exterior de Galicia e actuar segundo os principios de eficacia, integridade e confidencialidade.

4. As bolsas será indivisibles, improrrogables e incompatibles con calquera outra bolsa concedida para o mesmo período e con calquera actividade laboral ou remunerada.

A persoa adxudicataria, no momento de aceptación da bolsa, non poderá ser perceptora de salarios ou doutros ingresos que impliquen vinculación contractual ou estatutaria. A bolsa é incompatible coa percepción de prestación ou subsidio por desemprego.

A concesión e goce da bolsa non supoñerá vinculación civil, laboral ou funcionarial entre a persoa bolseira e a Fundación Galicia Europa.

A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.



5. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia.

#### Artigo 17. *Compromisos da FGE*

A FGE comprométese a:

1. Facer o pagamento das obrigas económicas derivadas da concesión desta bolsa.

2. Efectuar as retencións á conta correspondentes ao imposto sobre a renda das persoas físicas, así como as cotas da Seguridade Social, de acordo co establecido no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

3. Asignar ao beneficiario unha persoa que exerza a titoría e que será responsable da súa formación durante todo o período que duren as prácticas.

4. Proporcionar un plan de formación co obxectivo de que a persoa bolseira adquira experiencia e un coñecemento prácticos.

Ao remate do período de formación a persoa que exerza a titoría expedirá un certificado sobre asistencia e aproveitamento da bolsa.

#### Artigo 18. *Incidencias no desenvolvemento das bolsas*

1. Se durante o desenvolvemento das prácticas se produce algunha vacante ou renuncia por parte das persoas beneficiarias, procederase á cobertura desta seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de suplentes en función da puntuación obtida.

2. En calquera momento, a persoa responsable da oficina da FGE poderá propoñerlle ao seu director cancelar a bolsa por falta de rendemento da persoa beneficiaria que, logo de dar trámite de audiencia ao interesado, poderá revogar a concesión da bolsa por incumprimento das obrigas contraídas pola persoa adxudicataria.

3. A FGE poderá autorizar a interrupción temporal da bolsa, logo da incorporación do bolseiro ao destino adxudicado por motivos de forza maior.

4. A renuncia durante o goce da bolsa inhabilitará a persoa adxudicataria para os efectos de presentación nas seguintes convocatorias, agás nos casos de forza maior, que serán valorados pola FGE.



5. O incumprimento dos compromisos adquiridos de acordo coas bases precedentes dará lugar á revogación da axuda concedida e, de ser o caso, á reclamación das cantidades xa pagadas, de conformidade co disposto na lexislación vixente. Así mesmo, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa obxecto desta resolución e a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes privados nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

6. As funcións derivadas do reintegro e, de ser o caso, de imposición de sancións, así como as funcións de control e demais que supoñan o exercicio de potestades administrativas, serán exercidas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

#### Artigo 19. *Transparencia e bo goberno*

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FGE publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 20. *Información básica sobre protección de datos de carácter persoal*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Fundación Galicia Europa, coas finalidades de levar a



cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interés público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

#### Artigo 21. *Remisión normativa*

En todo o non recollido na presente resolución aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificada pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, e na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na anualidade correspondente.




**XUNTA DE GALICIA**  
 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

**ANEXO II**

PROCEDIMENTO <b>BOLSAS DE FORMACIÓN, DIRIXIDAS A PERSOAS CUN TÍTULO UNIVERSITARIO OU CUN TÍTULO DE TÉCNICO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN ASUNTOS RELACIONADOS COA UNIÓI EUROPEA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>PR770N</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------


<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>			

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>MODALIDADE DA BOLSA</b> (marque unha modalidade)	
<input type="radio"/> Bolsa en asuntos e políticas europeas	<input type="radio"/> Santiago de Compostela
	<input type="radio"/> Bruxelas
<input type="radio"/> Bolsa en comunicación das políticas comunitarias	<input type="radio"/> Santiago de Compostela
	<input type="radio"/> Bruxelas
<input type="radio"/> Bolsa técnico superior de FP (Bruxelas)	

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b>
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 2. Non percibir ningunha compensación económica doutras entidades polos conceptos acreditados ante a Fundación Galicia Europa. 3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 6. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: cq8b5989-nvk2-c5u0-j0t4-ijazh7e8dyz5




**XUNTA DE GALICIA**  
 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

**ANEXO II**  
 (continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/> Currículo: preferentemente en formato Europass.			
<input type="checkbox"/> Anexo III xunto coa copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados relacionados no dito anexo (véxase o artigo 12, Criterios de adjudicación).			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do pasaporte no caso de nacionais da Unión Europea residentes fóra de España e que non posúan NIE.			
<input type="checkbox"/> Copia do libro de familia ou documento equivalente para aqueles solicitantes que pretendan acreditar a filiación de proxenitores galegos.			
<input type="checkbox"/> Xustificación do pagamento dos dereitos de expedición da titulación correspondente (no caso de non estar en posesión do título universitario ou de formación profesional).			
<input type="checkbox"/> Copia da homologación ou validación do título pola Administración educativa española no caso de presentar un título académico estranxeiro.			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
Títulos oficiais universitarios.	<input type="checkbox"/>
Títulos oficiais non universitarios.	<input type="checkbox"/>
Datos de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
Celga 4, Celga 3 ou titulación equivalente se están expedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística ou o órgano competente que corresponda.	<input type="checkbox"/>

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán, en todo caso, aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 7 de decembro de 2018 pola que se autoriza a Fundación Galicia Europa para conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para realizar prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



Fundación Galicia Europa


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora  
<https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: cq8b5989-nvk2-c5u0-j0t4-ijazh7e8dyz5


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

## ANEXO III

## RELACIÓN DE MÉRITOS PUNTUABLES DA PERSOA SOLICITANTE

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

TITULACIÓN	DATA FIN
<input type="text"/>	<input type="text"/>

EXPEDIENTE ACADÉMICO	NOTA MEDIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

## MESTRADO OU POSGRAOS RELACIONADOS CO OBXECTO DA BOLSA

NOME DO MESTRADO/POSGRAO	UNIVERSIDADE	DATA FIN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## CURSOS RELACIONADOS CO OBXECTO DA BOLSA

DENOMINACIÓN DO CURSO	HORAS LECTIVAS
<input type="text"/>	<input type="text"/>

## COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (nivel)

TITULACIÓN	DATA FIN
<input type="text"/>	<input type="text"/>

## COÑECEMENTO DAS LINGUAS INGLESA E FRANCESA

DENOMINACIÓN DO CURSO	HORAS LECTIVAS
<input type="text"/>	<input type="text"/>

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data  ,  de  de



Fundación Galicia Europa

